



# Silencio Roto

Antoloxía do pintor Francisco Torrón

## Casa das Artes

Policarpo Sanz, 15. Vigo

**Do 18 de febreiro ao 20 de abril de 2025**

**Luns, mércores e venres:** de 18:00 a 21:00 h

**Martes e xoves:** de 11:00 a 14:00 e de 18:00 a 21:00 h

**Sábados:** de 12:00 a 14:00 e de 18:00 a 21:00 h

**Domingos:** de 12:00 a 14:00 h

Díptico en galego

Díptico en español



Dep. Legal: VG 93-2025



**Do 18 de febreiro  
ao 20 de abril de 2025**

.....

**Casa das Artes**





# Silenciofoto

Antoloxía do pintor Francisco Torrón

Francisco Torrón Durán

(A Coruña, 1934 – Madrid, 2020), artista e restaurador, converteuse nunha figura destacada no ámbito das Belas Artes a pesar de perder a audición na súa infancia. Formouse na Coruña baixo a tutela de M<sup>a</sup> del Carmen Corredoira e na Escola de Artes e Oficios Eusebio da Guarda. Máis tarde, trasladouse a Madrid, onde ingresou na Real Academia de Belas Artes de San Fernando, especializándose en pintura, escultura e restauración. Alí coincidiu con compañeiros de renome hoxe en día como Xaime Quesada, Isabel Quintanilla ou Antonio López.

En 1961 uniuse ao Patrimonio Nacional no Palacio Real de Madrid como restaurador. Alí fundou e dirixiu os talleres de restauración de escultura ata 1997. O seu labor valeulle recoñecementos como a medalla da UNESCO en 1987 e a do Mérito Civil en 1994.

Paralelamente, desenvolveu a súa obra artística, influenciada polo realismo madrileño dos sesenta. O seu estilo evolucionou cara unha técnica persoal realista, sobre todo utilizando o óleo sobre lenzo. As súas temáticas predilectas foron os bodegóns, retratos e paisaxes, cunha gama cromática de tons terra e grises en xeral. No ano 2007 foi nomeado académico pola Real Academia Galega das Belas Artes.

Vigo ocupa un lugar especial no seu legado, reflectido na restauración da gran cruz de nácara e o retablo propiedade do Museo Municipal "Quiñones de León" a finais dos anos sesenta. No ano 1983 celebra a súa única exposición individual na cidade. Catro décadas despois, esta mostra busca o recoñecemento merecido do autor.

Pablo Torrón Pelluz  
Comisario



Francisco Torrón no seu estudio.

